

Ramón de Valenzuela Otero

LICENCIADO EN FILOSOFIA Y LETRAS

MONTES DE OCA 2166

CASTELAR (F. C. N. D. F. S.)

15 de Abril de 1958

Querido Tobio:

O outro día cheguei ao hotel cando acababa de sair Prada e Neira Vilas que me estiveran agardando. Como tiña ideia de que o avión saía as 7,40 non se me ocurreu seguir deica o aeródromo.

Debeuse a miña tardanza a que se demorou un tren local que tomei engañadamente.

Os do Pontevedrés dixéronme que non se atreveron a tratar contigo o asunto dos pasaxes, pois parecialle incorreito o falar contigo de cartos. Pedíronme que eu che escribira pra que me mandaras a conta e me dixeras en onde che situarian o importe.

Mañán pola mañán entregaráen en Morón a pelota de Rugby de Miguel que axiña lle enviaremos.

Toda a xente está entusiasmada coa tua visita e a conferencia é gabada por cantos asistiron ao aito. Non demores o seu envio cando a teñas correxida.

Apertas de todos nós pra todos vós

